

Bloque

A Estrada

Número 20. Época 1ª / Febreiro 2009

Impreso postal de propaganda electoral

Entrevista con Anxo Quintana, candidato á presidencia da Xunta

“O BNG quere facer política para a xente cun proxecto transformador”



Anxo Quintana na Convención Nacional

As enquisas falan dunha reedición do bipartito despois do 1-M. Que papel xogaría o BNG nese escenario?

O que constatan todas as enquisas e, sobre todo, o sentir na rúa é que o BNG vai ascender nestas eleccións. O que queda por ver é canto e agora fica o traballo para que esta ascensión sexa o meirande posíbel. Ésta é a única incógnita que hai que despexar nestas eleccións porque é evidente que o PP non vai gobernar e todos lle outorgan ao PSOE unha representación parecida á que xa ten. A novidade nestas eleccións é o BNG e iso é produto dun traballo moi intenso no goberno e de toda a militancia durante estes anos, que colocou o nacionalismo no mellor momento político da súa historia. Agora o que convén é mobilizar todos os esforzos para aproveitar esta grandísima oportunidade histórica. Ante unhas expectativas así non nos poñemos límites no noso ascenso nin nas nosas pretensións.

Que propostas do programa do BNG serán determinantes na transformación e o avance do país?

Hai tres ámbitos nos que se desenvolve o noso proxecto para a próxima lexislatura. O primeiro é facer política para a xente. Nesta crise económica fálase demasiado dos bancos, da bolsa e das grandes operacións financeiras, e pouco da xente que está no paro, que ten medo a perder o seu posto de traballo, que non durme pensando en como pagar a súa hipoteca. Ésa é a xente que ao BNG lle interesa, para a que queremos

facer política e por iso temos que consolidar o Sistema Galego de Benestar e o Plan Sectorial de Vivenda protexida; por iso é tan importante seguir xerando emprego e fortalecer os nosos sectores estratéxicos como o naval, pondo en marcha o estaleiro de Astano en Fene; por iso é tan importante conseguirmos na próxima lexislatura ter un grupo lácteo que estructure o mundo rural.

O BNG é un proxecto transformador. Non nos conformamos con xestionar o presente, queremos transformar a realidade a favor das maiorías sociais. Queremos pór en marcha un modelo económico diferente ao que sempre defendeu o PP. Hoxe moitas empresas e familias atópanse con problemas para conseguir crédito e por iso é tan importante pór en marcha un Instituto de Crédito Oficial de Galiza, porque é necesario que a Administración Pública cubra ese terreo.

“Temos que conseguir nos vindeiros catro anos que Galiza ocupe o lugar institucional que lle corresponde”

En terceiro lugar, todo o mundo sabe que a presenza do BNG no goberno e a nosa representación en Madrid serviu para que Galiza teña outro papel dentro da política de Estado e temos que conseguir nos vindeiros catro anos que Galiza ocupe o lugar institucional que lle corresponde. Para iso é necesario un Novo Estatuto que recoñeza o noso carácter nacional, dun ámbito competencial ambicioso, con un modelo de financiamento que permita executalo con garantías e que lle dea ao galego o mesmo estatus xurídico-político que o castelán.

Pensa que a coincidencia das eleccións galegas coas vascas pode restar protagonismo a Galiza?

Hai algunhas forzas políticas preocupadas porque, ao coincidir coas eleccións vascas, Madrid vaille prestar menos atención a Galiza. Nós temos que estar encantados por iso. Canta menos atención nos presten desde Madrid, menos barbaridades imos escoitar. A xente sabe que o 1-M o que toca é Galiza, que imos votar para acadar as mellores solucións aos problemas dos galegos e galegas, e esas son as solucións que ten o BNG.



www.bng-galiza.org
Edita: BNG A Estrada

Un programa para ter máis avances e máis futuro

Autogoberno

O BNG impulsará un novo Estatuto de Nación que protexa os nosos sinais de identidade, garanta a igualdade de estatus xurídico entre o galego e o castelán e asegure as competencias e os recursos financeiros que Galiza precisa. Mentres non se aprobe, continuará o traballo para establecer un marco de relacións bilaterais co Estado e para a transferencia de novas competencias, en especial, as de inspección e seguranza marítima, e as de tráfico e seguranza viaria. Ademais, darase un impulso ás relacións exteriores, promovendo a participación directa ante a UE e dedicando especial atención ás relacións con Portugal.

Medidas económicas

Apostamos pola reforma da Lei reguladora das Caixas de Aforro de Galiza co fin de democratizar a súa estrutura e estreitar o seu compromiso coa economía produtiva e a creación de emprego no país. Creación do Instituto Galego de Crédito. Impulsaremos o sector da construción naval galega, recuperando o estaleiro de Fene para a construción naval civil. Seguirase a impulsar o I+D+i co obxectivo de acadar un investimento do 2% sobre PIB no 2013. No tocante ás TIC, o BNG seguirá promovendo o software libre e estenderá ao 100% do país a cobertura de banda larga e TDT. Esta lexislatura será a da creación do Grupo Lácteo Galego e dunha nova Lei de Montes. O BNG tamén promoverá dun Plano Galego de Pesca de Baixura e Litoral que atenda á recuperación dos caladoiros, á súa explotación sustentábel e a comercialización a prezos rendíbeis.

Benestar e Igualdade

Apostamos por incrementar o complemento das pensións non contributivas. Impulsaranse dos programas de mantemento das persoas maiores no seu contorno, ampliando a cobertura dos servizos de proximidade. Por outra parte, apóstase por alcanzar a ratio de 5 prazas en residencias públicas por cada 100 maiores. O BNG aumentará a rede de Galescolas con 10.000 novas prazas



O BNG aposta por crear servizos de cercanías e xestionalos desde Galiza

e apostará polas medidas efectivas para rematar coa discriminación da muller no mundo do traballo.

Sanidade

Destaca a potenciación dun servizo sanitario público máis eficaz a través da integración do SERGAS das entidades subsistentes (061, Galaria, Centro de Transfusións de Galiza, etc.) e da promoción da dedicación exclusiva dos profesionais. Alargarse até os 18 anos a atención bucodental básica e gratuíta.

Ensino

Apostaremos por un ensino público e galego. Así, o 6% do orzamento galego debe destinarse a esta área, coa finalidade de incrementar o profesorado e o persoal de apoio no ensino obrigatorio, para reducir o número de alumnos por aula. No referente á Universidade, apóstase pola converxencia coa porcentaxe estatal de gasto por alumno. Dentro do impulso á investigación universitaria, aprobaremos o Estatuto e a Carreira Profesional para o Persoal Investigador.

Infraestruturas e Vivenda

O BNG apostará pola transferencia a Galiza da xestión da AP-9 e das autovías coa meseta. Así mesmo, crearase un Ente Ferroviario Galego para a prestación dos servizos de cercanías nas áreas metropolitanas e urbanas de Galiza. En Vivenda, construiremos 45.000 vivendas protexidas nos próximos oito anos. Así mesmo, promoveremos a dotación de 20 millóns de m² de solo produtivo na vindeira lexislatura.

Cultura, deporte e lingua

Posta en marcha da Cidade da Cultura como axente promotor da produción e innovación culturais, impulsor da presenza internacional da nosa cultura e da protección do patrimonio e mais tamén como activo para o desenvolvemento económico de Galiza. Promoverase a práctica deportiva entre todos os galegos e galegas e impulsarse a presenza internacional das nosas seleccións. Daremos un novo impulso aos procesos de normalización do noso idioma: financiamento e cumprimento efectivo tanto do Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega como do Decreto de uso do Galego no Ensino.

Ambiente

Impulso dunha nova política de xestión de residuos a través da reformulación de SOGAMA cara a reciclaxe e a reutilización, combinada coa implantación de complexos de compostaxe de ámbito comarcal. Prohibiranse novos aproveitamentos hidroeléctricos nos xa saturados ríos galegos.

Administración, seguranza e Xustiza

Esta lexislatura será a do despregamento da Policía Galega, coas máximas competencias posíbeis. O BNG promoverá a desburocratización da administración pública e un Pacto Galego pola Xustiza. Así mesmo, aprobarase nos seis primeiros meses da lexislatura a reforma da CRTVG.

Os nacionalistas somos os garantes

Entrevista a Gonzalo Constenla, Delegado de Medio Rural



Entrega do tractor desbrozador ao Concello da Estrada

Gonzalo Constenla tomou posesión do seu cargo de delegado provincial da Consellaría do Medio Rural en agosto de 2005, e desde ese momento desempeñou un intenso traballo, non só na Estrada, cuxo nivel de investimentos medrou a respecto de gobernos anteriores, senón tamén no resto da provincia, que pasa por ser unha das máis dinámicas de Galiza, na que hai distintos sectores relacionados co medio rural, dende a agricultura á gandería, pasando pola viticultura até o sector forestal.

Como estaba o sector agro-gandeiro hai case catro anos?

O sector agro-gandeiro, que é un dos máis importante do país, atopábase

nunha situación límite. Gobernos anteriores, en Galiza e no Estado, levaron adiante políticas tremendamente lesivas para o sector, algo que viña denunciando o BNG desde había moitos anos. Con todo, desde a Consellaría do Medio Rural, malia ter un campo de actuación limitado polas competencias, leváronse a cabo políticas que supuxeron unha parada en seco no declive do sector, e, paseniñamente, iniciamos unha fase de ascensión e de optimis-

mo dentro do mesmo, de xeito que, sinceramente, non se entendería que as políticas que se leven adiante na vindeira lexislatura non sigan a senda marcada pola Consellaría que actualmente dirixe o BNG. Os nacionalistas, somos os únicos garantes de que o medio rural teña futuro.

Que medidas se tomaron nesta lexislatura para frear o deterioro no noso rural?

Dentro do sector agro-gandeiro reactivouse a Mesa do Leite, un foro de diálogo entre as distintas partes afectadas; creouse o Observatorio do Sector Lácteo, que impediu que o leite fora un reclamo nas grandes áreas comerciais; a Factura Homologada e o Contrato Homologado trouxo unha serie de garantías no prezo do leite que antes non había; o Banco de Terras recuperou terras ociosas para o sector agro-gandeiro. Pero a Consellaría do Medio Rural tamén puxo en marcha o PEIM (Programa

Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural), no que, dotado con 83 millóns de euros, arredor do 70% das obras corresponden á mellora de infraestruturas viarias, como o acondicionamento e

mellora de camiños e pistas rurais. Tamén puxemos en marcha concentracións parcelarias, cuxa execución

“Un dos proxectos do que me sinto máis orgulloso de que se levará adiante na Estrada é a Cooperativa Monte Cabalar”

de que o medio rural teña futuro

axilizamos ao máximo que permite a lei, xa que o normal até agora era que unha concentración parcelaria levava décadas en rematarse; no noso concello, por exemplo, estanse acometendo varias, por exemplo en Codeseda, Arca ou no Monte do Val do Veá II, unha medida que fará que moitas explotacións agrarias radicadas nestas parroquias teñan futuro. Dentro do sector forestal creamos as UXFOR (Unidade de Xestión Forestal), que pretende un aproveitamento integral do monte que redunde no beneficio para os propietarios e propietarias, pero tamén para a sociedade en xeral, evitando o grave risco que supón o abandono; na Estrada, por exemplo, hai en marcha dúas UXFOR unha no Monte do Val do Veá II e outra en Barcala.

Que actuacións salientaría dentro do noso concello?

Na Estrada de 2005 a 2008 investíronse máis de 25 millóns de euros. Melloráronse moitos dos nosos viais, algúns dos cales levaban máis de 30 anos sen reparar, como por exemplo, Arnois, Tabeirós, Guimarei, Couso, Aguíóns, Berres, Frades, Rubín, San Xurxo de Veá, San Xiao de Veá ou Cora. Tamén se melloraron outro tipo de infraestruturas, como a ponte da Birbigueira en Rubín ou ponte de Sandán en Guimarei. Arranxáronse vinte locais de asociacións veciñais do rural. Acometéronse melloras nas traídas das augas, por exemplo en Couso e Sabucedo. Pero seguramente un dos proxectos do que me sinto máis orgulloso de



Obras na traída de auga de Couso. Consellería de Medio Rural

que se levara adiante na Estrada é a Cooperativa Monte Cabalar, un proxecto de aproveitamento mixto de máis de 600 hectáreas de monte particular a través da produción

forestal e gandeira, que é referente a nivel galego, e que abrangue as parroquias de Arca, Souto, Tabeirós e Nigoi, onde o abandono do noso monte era máis chamativo.



Cooperativa Monte Cabalar

Teresa Táboas, cabeza de lista por Pontevedra

“O 1 de marzo no BNG non nos poñemos límites”



A conselleira de Vivenda e Solo, nacida en México en 1961 e residente na Caeira (Poio) encabezarán a lista por Pontevedra do BNG. No seu amplo curriculum está ter traballado como arquitecta municipal en Marín e a súa labor como decana do Colexio Oficial de Arquitectos de Galiza. A súa xestión no goberno galego, na que apostou por mellorar a calidade dos edificios e por facilitar o acceso á vivenda das rendas medias e baixas, será o aval da súa primeira experiencia como candidata nacionalista.

É o teu debut como candidata. Como enfrontas este reto?

Encaro este reto con moita ilusión e con moita responsabilidade, pero coa seguridade que dá encabezar unha candidatura sólida, comprometida con este país, coa seguridade de ser a cabeza de cartel dunha forza política que ten como único obxectivo a defensa de Galiza. A miña forza como cabeza de lista por Pontevedra é que podo garantirlle aos cidadáns que ninguén vai defender mellor os seus intereses, dentro e fora de Galiza, que o BNG.

Cales son as principais necesidades da circunscrición electoral de Pontevedra?

A provincia de Pontevedra é clave no desenvolvemento de Galiza, xa que todos os sectores económicos e produtivos teñen unha importante presenza nesta parte do país: zonas industriais entre as máis importantes do país, como Vigo, coa importancia dos sec-

tores da automoción e naval; un centro neuráxico para a pesca e o marisqueo; comarcas cun sector vitivinícola puxante e un desenvolvemento turístico de primeiro nivel. Neste sentido, as principais propostas programáticas do BNG para a provincia van encamiñadas a potenciar todos estes sectores económicos e mellorar a calidade de vida dos pontevedreses, desde o Baixo Miño ao Salnés, pasando polo Condado, a Comarca do Deza e da Estrada, o Morrazo, e por suposto as áreas de Pontevedra e Vigo.

O BNG propón mellorar as infraestruturas. Ninguén pelexou máis co BNG para que Vigo teña AVE por Cerdedo en 2012. Hai que reorganizar tamén os espazos portuarios, recolocando as empresas que non teñan unha actividade directa co porto en parques empresariais. Outra prioridade programática é sanear as rías, en particular as de Vigo e Pontevedra, porque se trata dun valor incalculable tanto paisaxístico como económico. Vigo debe ter unha nova depuradora en Xunqueira coa mellora tecnoloxía; e Pontevedra debe verse libre de Ence canto antes, garantindo o seu traslado e o peche do ciclo produtivo do papel. A proposta programática do BNG fai unha aposta clara pola cobertura social, por apoiar aos colectivos con

máis dificultades: persoais maiores, desempregados, dependentes, mozos, máxime neste momento de crise económica global. Máis BNG significa máis benestar.

Que é o que máis destacarías do labor da Consellaría de Vivenda?

A nosa idea clave era facilitar o acceso á vivenda, que tiña, a pesar de ser un dereito básico, uns prezos inalcanzables para a maior parte das persoas. Atopámonos cun departamento no que estaba case todo por facer, quer do punto de vista lexislativo quer do punto de vista da adopción de medidas de fomento e de apoio directo ás familias. En menos de catro anos de actuación de Goberno, o balance é importante: 37.400 vivendas protexidas ou rehabilitadas e un investimento de 372,1 millóns de euros. A esta cifra hai que sumar 24 millóns de euros en fomento do aluguer a través dun programa específico. Púxose en marcha o Rexistro de Demandantes de Vivenda Protexida, que transparente e garante a igualdade de condicións no acceso

“Podo garantirlle aos cidadáns que ninguén vai defender mellor os seus intereses que o BNG”

e evita o cobro de sobrepregos. Así mesmo, co Plano Sectorial construiremos de aquí ao 2017 en torno a 45.000 vivendas protexidas en toda Galiza. E por último, a Lei de Vivenda recentemente aprobada no Parlamento dá rango de lei a moitas destas medidas e establece o dereito de todos os galegos e galegas a contar cun espazo no que facer

realidade o seu proxecto de vida, sexa en propiedade ou en aluguer.

Con que obxectivos parte o BNG ás eleccións?

O obxectivo é conseguir o mellor resultado posible pola provincia de Pontevedra para contribuír a que o BNG lidere o goberno da Xunta a partir do vindeiro 1 de marzo. Estamos seguros de que imos gañar, cando menos, un escano máis, pero o BNG non se pon límite á hora de acadar unha maior representación parlamentaria pola provincia de Pontevedra.

A Contracapa

O BNG é o garante de que na Estrada haxa máis avances, máis investimentos

Raquel López Doce, Primeira Tenente de Alcalde da Estrada



Como cualificarías a colaboración das Consellarías que xestiona o BNG co Concello da Estrada?

Non hai precedentes dunha colaboración tan estreita e tan ampla na Estrada. Considéroa moi positiva para A Estrada, porque grazas a iso leváronse a cabo proxectos moi importantes para o noso concello. E os que se farán, porque A Estrada ten que recuperar o tempo perdido por gobernos anteriores, e, desde logo, na Estrada queremos que esa colaboración e ese apoio continúe, e iso só se garante se o BNG goberna na Xunta de Galiza.

Indícanos que proxectos e obras se fixeron na Estrada nos últimos 4 anos?

Son moitos os investimentos e as obras que se fixeron na Estrada desde as Consellarías nacionalistas. En Sabucedo, por exemplo, levouse a cabo unha actuación integral nesta parroquia, que é un dos referentes turísticos do noso concello, que abrangue a todas as Consellarías do BNG, destacando sobre todo a de Innovación e Industria, que dirixe Fernando Blanco; Vicepresidencia asinou un convenio co Concello da Estrada, grazas a iso, A Estrada terá un Centro de Día e unha Galescola, que serán unha realidade na vindeira lexislatura; Vivenda e Solo, que dirixe Teresa Táboas, ten en carteira a Cidade do Móbel, que tamén será unha realidade nos próximos meses. Mención a parte merécea a Consellaría do Medio Rural, de cuxos investimentos non hai precedentes na Estrada: melloráronse boa parte das nosas infraestruturas

como camiños, pistas ou depósitos de traídas, fixéronse concentracións parcelarias por exemplo en Codeseda e Arca, e rematáronse outras pendentes do anterior goberno, iso sen ter en conta todas as actuacións que levou adiante esta Consellaría dirixida por Alfredo Suárez Canal, como é o Banco de Terras, o Contrato Homologado, entre outras.

Falaches da Cidade do Móbel, en que estado se atopa a tramitación deste proxecto?

A Cidade do Móbel suporá un dos maiores investimentos da Xunta de Galiza no noso concello, cun orzamento de licitación de 22 millóns de euros da Consellaría de Vivenda e Solo, que dirixe Teresa Táboas. Este polígono sectorial é o dinamizador económico que A Estrada tanto necesita. O proxecto da Cidade do Móbel data de 2005, e dende aquela até hoxe seguíronse escrupulosamente os pasos burocráticos pertinentes, de aí a súa demora, é unha gran actuación e é imprescindible que se cumpran todas as garantías, con especial coidado ás medioambientais, porque no BNG queremos conxugar dinamización económica e a protección do medio ambiente, e este polígono sectorial será modélico neste sentido. Actualmente o proxecto da Cidade do Móbel atópase nas últimas fases; a Consellaría de Vivenda e Solo remitiuno o 18 de novembro á Consellaría de Medio Ambiente, que ten 3 meses para ditaminar a memoria ambiental, de aí pasará á Consellaría de Política Territorial e finalmente ao Consello da Xunta de Galiza para a súa aprobación definitiva. En resumidas contas, a Cidade do Móbel verá a luz nos primeiros meses da próxima lexislatura, e o BNG ocuparase no futuro goberno de que así sexa.

“A Cidade do Móbel verá a luz nos primeiros meses da próxima lexislatura, e o BNG ocuparase no futuro goberno de que así sexa”

queremos máis

AVANCES Mitíns do BNG da Estrada

19-02-2009 (21:00 h.)- Colexio do Souto de Vea
21-02-2009 (21:00 h.)- Colexio de Coseseda
22-02-2009 (21:00 h.)- Colexio de Guimarei
26-02-2009 (21:00 h.)- Teatro Principal

Como contactar co BNG da Estrada:

Rúa Xusto Martínez, 12-1º C

36680 A Estrada

Tlf/Fax: 986590002

Correo: estrada@bng-galiza.org

Web: <http://www.benega.info/aestrada>

